

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Piqué, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Bajo Palacio, Ignacio
Currás Valle, Consuelo
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, Mª Rosa
Río Otero, Coral del
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Rodríguez-Moldes, Mª Covadonga
Díaz Redondo, Rebeca P.
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Ruiz Hidalgo, María del Carmen

INVITADOS

Caruncho Michinel, Cristina
Costas González, Xosé-Henrique
García García, Oscar
Mociño González, María Isabel
Pérez Losada, Fermín E.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 24 de abril de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 24 de abril de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O reitor comenta, antes de nada, que todas as persoas que solicitaron a asistencia e o uso da palabra ante un punto conflitivo que se vai a tratar hoxe, por suposto que poderán falar e serán escoitadas.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de marzo de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dunha modificación do calendario académico do curso 2025-2026.
4. Aprobación, se procede, do cambio de adscripción do campus de Ourense ao Campus de Vigo do profesor Diego Carou Porto (Dpto. T01).
5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación non substancial do Programa de Doutoramento en Turismo.
6. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais dos títulos de Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria para a súa adaptación ao RD 882/2021.
7. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2025.
8. Aprobación, se procede, da creación da spin off Mus Modular.
9. Ratificación, se procede, dun novo membro da Comisión de Publicacións do sector estudiantado de doutoramento.
10. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico 2024-2027 do Campus de especialización CREA.
11. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de marzo de 2025.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Visita de Ana Pontón.
- Sigma: proxecto Piloto coa Escola Superior de Enxeñaría Informática de Ourense para as guías docentes.
- Visita do Secretario Xeral de Universidades ao CIM e ECIMAT.
- Horarios de Biblioteca: reunión co CEUVI e acordo para as horas de apertura da Biblioteca.
- Seguimos co acordo dos A2, que vai permitir unha solución que normalice esta situación.
- Feiras de estudantes.
- Celebrar o acordo de CRUE con Elsevier, un acordo coas grandes editoriais, para ampliar as posibilidades de publicar.
- Título de Dereito na Universidade Privada UIE, Universidade Intercontinental de la Empresa. Diferencias manifestadas das tres universidades públicas galegas coa Xunta de Galicia. Cúmrese cos requisitos legais, non temos problema, pero a memoria describe un título que non se debería permitir.
- Campus Spain: en breve haberá unha xuntanza coa Facultade de Filoloxía e Tradución para analizar posibles acordos de futuro.
- Funcionamento de SIGMA: na última COAP aprobáronse os POD, hai que felicitar á Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica.
- Asuntos Económicos: Liquidación Orzamentaria; visada pola empresa externa correspondente, aprobada *nemine* discrepante polo Consello Social. Cómpre lembrar que é papel do Consello Social fiscalizar os asuntos económicos da Universidade, e coidar de que non haxa problemas ou mala praxe. Superávit: 3.670.338.18, cifra final. Somos unha universidade austera, temos unhas prioridades políticas, relacionadas coa remuda xeracional, e por iso gastamos cartos niso pero estamos aforrando moito noutras cousas. En canto ao remanente de tesouraría dispoñible: 16.977.743.56, o cal da conta dunha situación financeira moi positiva. Liquidez absoluta, ningún tipo de problema, os resultados son magníficos; está seguro de que este ano o resultado será igual de positivo. Podemos estar tranquilos con respecto aos cartos. Paga a pena presumir da nosa situación económica, xa que estamos moi ben, con datos oficiais.
- Prazas de PDI do ano 2025: 30 cátedras (CU). 39 titulares de universidade (TU), das cales 6 son do 15%, 1 é de mobilidade (non OEP) e 1 vinculada (SERGAS). 32 Profesorado Permanente Laboral (PPL). 36 Axudante Doutor con fondos propios (Contrato-Programa). 48 Axudante Doutor do programa María Goyri. Compromiso de anunciar en outubro/novembro prazas adicionais de PPL.
- Previsión de prazas do 2026: No primeiro trimestre anunciaremos as estimacións de prazas. Neste momento hai: 25 acreditados a Catedrático de Universidade (CU). 25 acreditados a Titular de Universidade (TU). 65 acreditados a Profesor Permanente Laboral ou Contratado Doutor

(PPL/PCD). 34 prazas de Axudante Doutor propias (Contrato-programa), e 11 prazas de Axudante Doutor do programa María Goyri.

- Resultado do primeiro ano do contrato-programa cos departamentos: no 2024 foron convocadas 31 prazas de AXD nos seguintes departamentos: C01, H04, H05, H08, T01, T02, T03, T06, T15, T16, X02, X05, X09, X10, X13, das cales 3 quedaron desertas e outras 3 atópanse nun proceso de reclamación que se resolverá esta semana na comisión.
- Prazas estratéxicas definidas pola reitoría: unha praza de AD para a área de Enxeñaría Aeroespacial, para apoio as titulacións da escola, pola perda dun titular de universidade.
- Novos nomeamentos. Director de área dependente do reitor: Xoán Cebro Rodríguez (director de área de estratexia de recursos, dotación e redimensionamento dos cadros de persoal técnico e de xestión administrativa), persoa de confianza do reitor. Directores de área para apoio á Vicerreitoría de Profesorado: Laura Valencia Matarranz (directora de área de planificación de profesorado), ocúpase da xestión das listaxes de agarda, a xestión do profesorado substituto, e de dar apoio á xestión de convocatorias de profesorado temporal; Silvia García Méndez (directora de área de integración de sistemas), ocuparase do deseño e desenvolvemento de novas ferramentas e aplicativos para a xestión do POD e da integración das novas ferramentas de xestión con Sigma e Xescampus. Seguidamente explica os diferentes cargos existentes na Universidade de Vigo, concretando 30 persoas ligadas ás vicerreitorías e os adxuntos ao reitor, que foron Javier Berrocal, Óscar Rubiños, Elena Rivo, José Pazos, e Jacobo Porteiro, todos eles durante un período limitado de tempo. Neste momento non hai ninguén neste tipo de figura. Cita tamén os 4 novos Institutos, así como a creación dun novo sobre Deportes. Ademais, estase apoiando aos Centros CIGUS e aos centros do seguinte nivel con cargos: AtlanTTIC, Cinbio, CIM, Ecobas, Cintex.
- Ingresos do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP): estamos conseguindo cartos e achegas de diferentes administracións e a título particular, así como a implantación das microcredenciais que se levarán desde este centro.
- Licitación do edificio de aeroespaciais: presentáronse 5 empresas no prazo establecido. Estamos traballando para comezar o antes posible.

3. Aprobación, se procede, dunha modificación do calendario académico do curso 2025-2026.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica o cambio solicitado por parte do director da Escola de Enxeñaría Industrial para ampliar o prazo de entrega de actas no TFG e TFM en segunda oportunidade, cambiando as datas do luns 07/09/2026 ao 10/09/2026. Por parte da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, solicítase o cambio da data da festa propia do centro, do 29/09/2025 ao 26/09/2025, e a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo pide cambiar a festa propia do 23/09/2025 ao 22/09/2025 no propio CG e acéptase a súa proposta.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do cambio de adscripción do campus de Ourense ao Campus de Vigo do profesor Diego Carou Porto (Dpto. T01).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a situación:



INFORMO: Que la Comisión Permanente no ve objeciones ante la Solicitud de cambio de Unidad Docente, pese a que, según la Normativa vigente: "Normas provisionales para o cambio de adscripción aos campus da Universidade de Vigo", no se cumpla alguno de los requisitos. Por ello, teniendo en cuenta la provisionalidad de esta Normativa, que data del 2012, y dado el periodo de cambios relacionados con la LÓSU en los que la Universidad se ve inmersa, y que, la anteriormente citada Normativa, evidentemente, no está actualizada respecto a la Legislación o Reglamentos: Entendemos que sería de especial interés que la COAP tenga en consideración esta situación y analizara la posibilidad de llevar a cabo una Revisión de la misma. Parece aconsejable tal revisión, o la promoción de cambios en ella, para poder contemplar situaciones en las que los interesados en el cambio de Unidad Docente se encuentren afectados por la programación trianual de plazas de profesorado a llevar a cabo en los próximos años. En Vigo a 21 de febrero de 2024  Firmado digitalmente por PELAEZ LOURIDO GUSTAVO CARLOS - 36055624L	Despois das intervencións, réplicas e contraréplicas, deuse paso a votación coa seguinte pregunta: <i>" Á solicitude de cambio de adscripción de campus da Unidade Docente de Ourense á de Vigo, minimizando os prexuízos que puideran derivarse sobre terceiros, do Profesor Diego Carou Porto, o meu voto é: favorable / desfavorable "</i> Levada a cabo a votación, e o escrutinio, o resultado foi o seguinte: <table><tr><td>Votos favorábeis:</td><td>13</td></tr><tr><td>Votos desfavorábeis:</td><td>3</td></tr><tr><td>Votos en branco:</td><td>5</td></tr><tr><td>Abstencións:</td><td>1</td></tr></table> Por tanto, e tendo en conta todo o anteriormente dito, esta Dirección de Departamento emite o presente Informe.	Votos favorábeis:	13	Votos desfavorábeis:	3	Votos en branco:	5	Abstencións:	1
Votos favorábeis:	13								
Votos desfavorábeis:	3								
Votos en branco:	5								
Abstencións:	1								



A COAP acordou aceptar o cambio de adscripción do campus de Ourense ao campus de Vigo do profesor de Deseño na Enxeñaría (T01), Diego Carou Porto (TU), polos seguintes motivos:

1. As normas provisionais de cambio de adscripción aprobadas no CG do 29/04/2019 para o PDI a TC da UVigo, establecen tres criterios para autorizar o cambio de adscripción:
 - (i) non ter concedido un cambio de adscripción de campus nos tres últimos anos;
 - (ii) ter asignada máis do 80 % da súa docencia durante, polo menos, os últimos tres POD aprobados, no campus ao que se solicita a adscripción; e
 - (iii) unha carga docente básica vacante, no último POD aprobado, igual ou superior á dedicación docente da persoa que fai a solicitude no campus ao que solicita a súa adscripción.
2. As normas de elaboración de POD establecen que o consello de departamento distribuirá a carga docente dentro de cada UD entre as distintas figuras de profesorado, atendendo á capacidade docente do persoal.

Na UD A0515-O só figura como profesor permanente e/ou consolidable o profesor Diego Carou Porto, polo que ten que asumir toda a docencia desa UD.



3. A carga docente básica de Diego Carou Porto é de 240 horas e a carga docente que existe na UD A0515-O, á que el pertence, é de 180 horas, o que supón o 75 % da carga docente básica do profesor Carou Porto.
4. A COAP considera que o profesor Diego Carou Porto, obrigado a asumir a docencia da súa unidade docente, nunca vai ter o 80 % da docencia vacante para podela asumir noutro campus que non sexa aquel ao que está adscrito e que, polo tanto, nunca vai estar en disposición de poder cumprir o segundo requisito establecido nas Normas provisionais para o cambio de adscrición de campus da UVigo. Esta imposibilidade (allea ao citado profesor) para poder cumprir cun dos requisitos da normativa xéralle unha indefensión ao profesor Carou Porto que levou a COAP a acordar unha excepcionalidade á norma, tendo en conta, por outro lado, que no caso que nos ocupa si que se cumpren os outros dous criterios esixidos.
5. A citada excepcionalidade viuse reforzada polo informe da comisión permanente do departamento e a votación realizada no seo do consello do departamento T01 sobre a decisión de votar favorable ou desfavorablemente o cambio de adscrición do profesor Carou Porto, cun resultado na votación de 13 votos a favor do cambio de adscrición, tres votos en contra, cinco en branco e unha abstención.

Intervén Ignacio Bajo Palacio para dicir que lle preocupa moito que teñamos unha normativa provisional aínda hoxe, dende 2019, dun tema tan importante. Non ten nada en contra de que se conceda a mobilidade ao profesor Carou, pero sorpréndelle a imposibilidade de que se cumprira o punto 2, xa que en realidade noutros departamentos o que se esixiu foi que efectivamente se cumprise o punto 3, é dicir, que se había un déficit docente en Vigo, podían ter xuntado as unidades docentes e poderían ter mantido un 80% durante 3 anos. Nese sentido, resúltalle chocante que non se fixera con anterioridade.

O reitor comenta que non sabía que houbera este problema. Bajo Palacio pregunta se as contas se fixeron coa docencia da área no curso 2024/2025. A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica comenta que ata o seguinte POD non se fará efectivo o cambio do POD.

Bajo Palacio di que lle parece preocupante que haxa un área na que non hai un profesor, nun campus emerxente como o de Ourense. Como Universidade parécelle perigoso; non podemos deixar un área nun Campus totalmente deserta, en mans de listas de agarda ou con asociados. O reitor comenta que traeremos nun vindeiro Consello de Goberno a normativa modificada.

Bajo Palacio pregunta, en nome de Consuelo Pérez Vázquez, cun documento escrito para que se reflectan as respostas. Pasa a ler as preguntas á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica (**Anexo I**).

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica responde que terían que cumprirse estas condicións, é dicir, que unha persoa non poida de ningún xeito asumir o 80% porque se vexa obrigado con toda a súa capacidade docente efectiva no campus de orixe.

Con respecto ao prazo para que esas persoas poidan formular solicitudes, a vicerreitora comenta que este tema en concreto está a tratarse a medida que chegan as solicitudes, e trátanse na COAP, e chegaron moi poucos casos (2 ou 3), polo que pensa que se podería continuar con esa dinámica. A seguinte pregunta, relacionada co POD, xa foi respondida. E por último, polo que se refire a cubrir a docencia que queda libre no campus de orixe, a vicerreitora di que isto depende moito dos departamentos, haberá de todo, ata que non chegue a proposta do departamento non se van a

pronunciar. Por último, con respecto a outra dúbida, referida a unha persoa dun departamento que solicita o cambio a outro campus que teña aprobadas prazas de axudante doutor, pero aínda non foron convocadas, quere saber se concederíase o cambio de adscrición, se hai precedentes e se compensaríase dalgún modo a perda da praza. A vicerreitora responde que o déficit de capacidade docente calculouse tendo en conta as prazas novas de axudante doutor que saen nesta unidade docente, á que se move este profesor. Deducindo a carga docente aínda así dábase a capacidade docente sen cubrir. Á última pregunta do anexo remitido á vicerreitora responde que é unha cuestión de conversa de negociación directa co departamento, non hai unha resposta única, depende da proposta do departamento, a vicerreitoría é flexible.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación non substancial do Programa de Doutoramento en Turismo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen presenta a seguinte modificación:



SOLICITUDE DA AGENCIA PARA LA CALIDAD CIENTÍFICA Y UNIVERSITARIA DE ANDALUCÍA:

- Aprobación por parte das universidades participantes no programa de doutoramento da modificación non substancial presentada pola Universidad de Málaga (universidade coordinadora).
 - Actualización do cadro de liñas de investigación e de profesorado.
 - Actualización das referencias ao RD 576/2023.
 - Actualización das competencias para a súa adaptación ao RD 576/2023.
- Aprobación da proposta por parte da Comisión de Calidade da EIDO o 25 de marzo de 2025.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da tramitación das modificacións non substanciais dos títulos de Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria para a súa adaptación ao RD 882/2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen fai unha introdución sobre este tema:

RD 822/2021: Modificación non substancial

- Modificación que non supoña un cambio na natureza, nos obxectivos e nas características fundamentais do título inscrito.
- Debe ser aprobada polos órganos de goberno da universidade.
- Remisión á axencia de calidade competente para a súa aceptación.
- Prazo máximo de asentamento da modificación de adaptación ao ámbito de coñecemento: outubro de 2025.

Universidade de Vigo



**Informado favorablemente por asentimento da COAP
o 20 de novembro de 2024**

**MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO
2024/2025**

GRAO	CENTRO	INTERUNIV.	ÁMBITO	SOLICITUDE	FORMACIÓN BÁSICA VINCULADA AO ÁMBITO
Grao en Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte / Facultade de Educación e Traballo Social / Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo	NON	Ciencias da educación	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias da educación 102 ECTS A totalidade da formación básica
Grao en Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte / Facultade de Educación e Traballo Social / Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo	NON	Ciencias da educación	Vinculación da titulación ao ámbito de coñecemento	Ciencias da educación 60 ECTS A totalidade da formación básica

Universidade de Vigo



CONSELLO DE GOBERNO do 2 de decembro de 2025

- Retírase a solicitude correspondente ás modificacións non substanciais dos graos en Educación Infantil e en Educación Primaria presentada.

Universidade de Vigo



EDUCACIÓN INFANTIL:

Rama de coñecemento (RD 1393/2007) ➡ Ámbito de coñecemento (RD 822/2021)

TITULACIÓN: ➡
Ciencias sociais e xurídicas Ciencias da educación

Universidade de Vigo



EDUCACIÓN INFANTIL:

822/2021) ➡ Ámbito de coñecemento (RD
FORMACIÓN BÁSICA: Ciencias da educación

Acordo dos tres centros implicados na docencia

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Comunicación: Lingua galega

RD 193/2007

RD 822/2021

Comunicación



Ciencias da educación

Área de coñecemento actual de impartición: Filoloxía Galega e Portuguesa

Alegación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina:

Adscrición de ámbito: filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Comunicación: Lingua española

RD 1393/2007

RD 822/2021

Comunicación



Ciencias da educación

Área de coñecemento actual de impartición: Lingua Española

Alegación do Departamento de Lingua Española:

Adscrición de ámbito: filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Socioloxía: Socioloxía da educación

RD 1393/2007

RD 822/2021

Socioloxía



Ciencias da educación

Área de coñecemento de impartición: Socioloxía

Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

Adscrición de ámbito: ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Antropoloxía: Pensamento e cultura

RD 1393/2007

RD 822/2021

Humanidades



Ciencias da educación

Área de coñecemento de impartición: Filosofía

Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

Adscrición de ámbito: historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.

Universidade de Vigo



EDUCACIÓN PRIMARIA:

Rama de coñecemento (RD 1393/2007)



Ámbito de coñecemento (RD

822/2021)

TITULACIÓN:



Ciencias sociais e xurídicas

Ciencias da educación

Universidade de Vigo



EDUCACIÓN PRIMARIA:

822/2021)

FORMACIÓN BÁSICA:



Ámbito de coñecemento (RD

Ciencias da educación

Acordo dos tres centros implicados na docencia

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Socioloxía: Socioloxía da educación.

RD 1393/2007

RD 822/2021

Socioloxía. Filosofía



Ciencias da educación

Área de coñecemento actual de impartición: Socioloxía

Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

Adscrición de ámbito: ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.

Universidade de Vigo



Alegacións recibidas

MATERIA: Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento

RD 1393/2007

RD 822/2021

Socioloxía. Filosofía



Ciencias da educación

Área de coñecemento actual de impartición: Filosofía

Alegación do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía:

Adscrición ámbito: historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento da COAP
o 20 de novembro de 2024

PROPOSTA DA COAP

- Informar favorablemente a proposta de adscrición ao ámbito de coñecemento da formación básica das xuntas dos tres centros implicados.
- Manter, mentres non haxa una modificación substancial da memoria, as materias do plan de estudo actual ás áreas de coñecemento ás que están adscritas.

Universidade de Vigo



XUNTANZA DOS INTERLOCUTORES IMPLICADOS
CONVOCADOS POLO REITOR (venres 14 de marzo de
2025)

DEBATE:

- Perda das materias por parte das áreas de coñecemento que as están impartindo actualmente.
- Posibilidade de recoñecemento de materias de formación básica non impartidas como tal noutras universidades.
- Inquedanza cos novos plans de estudo e coa eliminación das áreas minoritarias nos títulos.

Universidade de Vigo



XUNTANZA DOS INTERLOCUTORES IMPLICADOS
CONVOCADOS POLO REITOR (venres 14 de marzo de
2025)

ACORDO DOS TRES CENTROS
(asinado o 20 de marzo de 2025):

- Vencellar os créditos de formación básica de ambas as titulacións ao ámbito de coñecemento no que se inscribe o título.
- Ao mesmo tempo, acordan manter o encargo de docencia das materias actualmente asignadas ás áreas de Filoloxía Galega e Portuguesa, Lingua Española, Socioloxía e Filosofía de ambos os títulos.

Universidade de Vigo



O reitor indica que hai unha serie de persoas invitadas para intervir, ás que lle vai dar a palabra.

Seguidamente, intervén María Isabel Mociño González, decana da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense, quen remitiu un escrito que figura como anexo á presente acta (**Anexo II**).

O reitor, ao final da intervención da decana, di que hai que agradecerlle á decana o esforzo pola galegitude da Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense; non se lle pode acusar a un grupo de profesores tan comprometidos co galego de estar en contra do galego.

Intervén a continuación Óscar García García, decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra. Dá as grazas ao Consello de Goberno por poder intervir, e aos que lle precederon no uso da palabra, ao vicerreitor de Titulacións e á decana de Ourense, pola explicación clara e cristalina sobre o asunto que compete neste Consello de Goberno, que non é outro que unha modificación non substancial. Engade un pouco de contexto, despois de dicir que está un

pouco confuso e sorprendido por como foi evolucionando esta modificación non substancial, dicindo que na súa Facultade hai mais de 3000 estudantes, e preto de 300 docentes e un bo número de PTXAS que están representados nas Xuntas de Facultade. E polo tanto a decisión que se tomou revirte nunha gran parte da nosa universidade, e se axusta perfectamente á lexislación vixente. Falando en concreto da súa Facultade, a realidade é moi tozuda. No ano 2022 o Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte adaptouse as novas competencias e contidos, que marcaba o BOE de 2018. Nel xa pedían que se adaptaran ao contido no Real Decreto 822/2021 no que indicaban como inscribir os títulos. No Grao en Deporte dentro das materias básicas estaba a Socioloxía, e outras, e houbo un debate sobre esta circunstancia. Ao ano seguinte, tiveron que adaptar de novo o título ao Real Decreto, porque a plataforma da Aneca non estaba adaptada, novamente houbo debate, e adoptouse por unanimidade que a formación básica debería estar, de forma razoable, nese ámbito de coñecemento. Polo tanto, con esas leccións aprendidas, comezaron o procedemento cos Graos en Educación. Mentres tanto, no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, as materias seguen adscritas as súas áreas de coñecemento. Con estes antecedentes, parecía razoable que se fixera o mesmo cos Graos en Educación Primaria e Infantil xa que nos atopamos nunha situación de tránsito, polo que de acordo coa normativa, tomaron a decisión na Xunta de Titulación e na de Facultade de incluír esta formación básicas no ámbito de coñecemento de Ciencias da Educación. O que suceda a partir de agora dependerá do que o Ministerio decida a través das ordes que emita. Polo tano, ninguén sabe o que vai acontecer a partir de agora. Para iso os decanos das facultade galegas acudiron á conferencia de decanos, para representar a todos os departamentos, a todas as áreas, e sobre todo en interese dos nosos estudantes. Quere que isto último quede claro. Engade tamén que invitaron ao profesorado para que se implicase na redacción dos libros brancos, e que houbo moi poucos profesores, que poderían ter traballado nos libros brancos, e non que logo escriban correos electrónicos, en vez de terse implicado nos libros brancos. Sempre tomarán as decisións en función, en cada caso, do que sexa mellor para a Universidades e os egresados.

Intervén despois Cristina Caruncho Michinel, directora do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía. Vai facer unha alusión ás palabras de Alfonso Lago, xa que ninguén está acusando a ninguén de ilegal, pero precisamente porque existen desacordos, e o desacordo é o mais interesante desde o punto de vista crítico, racional, para que non todos esteamos pensando no mesmo sentido, por iso as persoas que non se sentiron representadas utilizaron os cauces que permite a lei. Primeiro, ir á COAP e, en segundo lugar, ir ao Consello de Goberno. Un Consello de Goberno que, no seu momento, o reitor entendeu e aceptou o reto dun diálogo posterior. Cren que aínda que pareza un cambio insubstancial pode ter secuelas que xa viviron noutros momentos e circunstancias, e polo tanto teñen certa suspicacia ao respecto. O que piden o consideran básico, que as áreas sigan nos ámbitos que din o propio nome. O título ten que estar no ámbito de educación, o problema xurde nas materias, que sofren un castigo. Son áreas minoritarias nunha situación moi sensible. Cre que non era necesario o que se fixo. Non é ilegal o que se pide polo outro lado, por iso se preguntan se é convinte. Cre que o exercicio concreto da democracia necesita das garantías cos grupos minoritarios.

Xosé Henrique Costas González, director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina, dá as grazas por poder intervir. A súa intervención está recollida no anexo adxunto á presente acta (**Anexo III**).

A continuación intervén Fermín E. Pérez Losada, director do Departamento de Historia, Arte e Xeografía. Dá as grazas por poder intervir no Consello de Goberno. A súa intervención é para

referendar o que dixeron os seus compañeiros e matizar as palabras do vicerreitor, de como foi todo o proceso. Non aparecía a materia de Historia no Grao en Educación Primaria, pero esa materia si aparece no documento orixinario, de aí que interveña. Quere poñer un pouco de cordura porque realmente coa situación actual de incluír todas esas materias no ámbito de educación, non sabe que vantaxe xera á Educación, pero si xera un prexuízo as áreas minoritarias. O acordo está ben de que sigan impartindo esas materias, pero non é satisfactorio, porque abre as portas para que esas horas non poidan ser utilizadas para prazas consolidables, e a longo prazo ábrese a porta ao medo de imposibilidade de consolidación. Non entende por que non se acepta que estean os seus ámbitos, en absoluto se supera o límite do 50%, ou sexa que entra no ámbito de legalidade. Sabe que as xuntas de centro son legais, pero prodúcese un claro prexuízo a outros profesores, non se debería facer. Non sabe en que prexudica á Educación, pero si é prexudicial para as áreas minoritarias. Esta medida ten graves consecuencias para as áreas minoritarias, que son necesarias xa que son transversais.

Intervén a continuación Rosa Pérez para dicir que Cristina Caruncho presentou moi ben a sucesión dos feitos. O que quería destacar é que ao marxe de que se poidan adscribir a ámbitos nos que non están as áreas, por que debemos facer algo así, non ve a importancia de facelo. Se é non substancial, non entende tanta resistencia, ninguén lle deu unha razón mais aló da aprobación na xunta dos centros. A única razón é porque se pode e se quere, non hai outra razón. Cal é a vantaxe de facelo?. O Real Decreto, que existe para asignación de áreas a ámbitos, fala de ámbitos e áreas, non ve por que a hora da verdade podemos asignar calquera materia a calquera ámbito, independentemente de a que área pertenza. Non é como mínimo irregular?. A materia de Lingua Española, que pertence a área de “lengua española”, adscrita ao ámbito de Filoloxía, Estudos Clásicos e Lingüística, asígnase ao ámbito de Ciencias da Educación, onde non está a área de Lingua Española. Pero non pasa nada, porque temos a promesa de que a vai impartir a área de lingua española, pero ninguén explica o motivo de tal adscrición. Non é tan insubstancial a modificación, non ten sentido facer isto. Non ve ningún motivo, solicita que se retire o punto ou que se vote en contra.

Jacobo Porteiro entende que o tema vai cara a unha votación. El vese nunha posición imposible xa que os centros teñen esas competencias, e por amplas maiorías, e os decanos falan moi ben. Comenta que parece que hai dúbidas de legalidade. Bota en falta a postura da Asesoría Xurídica con respecto á legalidade deste tema.

José Montero Reguera di que é catedrático de Literatura Española, pertence á unha área chamada Literatura Española, que tiña materias nas Facultades de Ourense e Pontevedra. Pero hoxe Literatura Española non existe en ningunha das facultades, aínda peor, a imparten profesores que non son de literatura española, polo que non se trata de vislumbrar o futuro, senón de aprender do pasado.

Intervén Miguel Cuevas (transcrición do texto remitido a Secretaría Xeral): “En primeiro lugar quero facer algunhas matizacións ás intervencións anteriores. Continúo co indicado polo profesor Montero Reguera. Sucedeu que nos graos de educación hai materias que se chaman “Lingua e literatura: Español” e que imparte só a área de Lingua española. Nun determinado momento os departamentos de Lingua española e de Literatura española e Teoría literaria acordan por unanimidade repartir esas materias. Esta proposta aprobouse nas respectivas Xuntas de Centro pero o decano dun centro, agora membro deste CG e defensor dunha suposta democracia, conseguiu que a COAP non permitira esta adscrición.

A segunda puntualización ten que ver co comunicado da CIG. Gustaríame invitar a todas as persoas membrxs do Consello de Goberno (CG) a que lean o comunicado e verán que en ningún momento

se fala do labor que se fai na Facultade de Educación e Traballo Social a prol do galego, traballo que se ten recoñecido en diversas ocasións. Instábase ao reitor a manter a presenza do galego no libro branco e nas facultades de educación a través dos representantes na Conferencia de decanos das facultades de educación, e dicir, ao decano e á decana desas facultades da Universidade de Vigo.

A outra puntualización ten que ver co número de créditos de formación básica que, segundo o RD 822/2021 deberían adscribirse ao mesmo ámbito de coñecemento que os do título. No art. 14 exprésase con claridade o seguinte:

Los planes de estudios de 240 créditos incluirán un mínimo de 60 créditos de formación básica. De ellos, al menos la mitad estarán vinculados al mismo ámbito de conocimiento en el que se inscribe el título, y el resto estarán relacionados con otros ámbitos del conocimiento diferentes al que se ha adscrito el título.

Tendo en conta que este CG debe pronunciarse só sobre as alegacións dos departamentos neste sentido observamos que no caso de Educación Infantil temos 78 cr. (só serían necesarios 51 na interpretación que fai o vicerreitor ou 30 na interpretación que fago eu partindo de que “a metade” se refire ao mínimo necesario expresado no artigo anterior) que se poderían adscribir ao ámbito de coñecemento da titulación. No caso de Educación Infantil son 42 (só serían necesarios 30). En ambos casos inclúense os créditos do ámbito de psicoloxía, posto que as áreas/departamentos correspondentes non fixeron solicitude algunha a este CG, que debe deliberar sobre as alegacións presentadas polos departamentos de Filoloxía galega e latina; Historia, arte e xeografía; Lingua española; e Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía. Por outra banda, a Red Española de Agencias de Calidad Universitaria (REACU), xa indica o carácter interdisciplinario da psicoloxía, aspecto que se podería tomar como referencia. Con isto en mente, non existe problema algún relativo ao número mínimo de créditos que se deben adscribir ao ámbito do título segundo o RD, posto que a cantidade de créditos é abundosa, para aceptar a proposta das alegacións dos departamentos.

Sobre a cuestión da legalidade, non serei eu quen afirme que é legal ou ilegal. Temos unha consulta feita a asesoría xurídica da CIG que indica que a adscripción das xuntas é, polo menos, irregular. En todo caso, a legalidade terá que dirimila un xuíz en caso de levar este asunto ante o contencioso-administrativo.

Finalmente, débese indicar que non en todo o SUG se adscribiron todos os créditos de formación básica ao ámbito de ciencias da educación. Houbo unha facultade que se desmarcou do acordo ao que chegaron as facultades de educación do SUG.

A continuación analizarei máis en profundidade o que se trae a este CG.

Lamentablemente encontrámonos de novo aquí ante unha situación probablemente non querida polas partes implicadas pero que debe servir ao Consello de Goberno (CG) como punto de reflexión sobre a súa función ética e racional de salvagarda do ben común, especialmente fronte a posibles abusos/erros das maiorías.

As persoas que falaron con anterioridade centraron o debate no esteo desta discusión. Deféndese aquí un pretendido respecto polas maiorías que votaron nas xuntas de centro, argumentando baixo unha “falsa” idea de democracia. O comportamento democrático debería resultar en decisións morais e racionalmente superiores ás arbitrarias e a lexitimidade das decisións colectivas terían que dar conta, cabal e racional, do pluralismo.

Vexamos, pois, a regra ou principio da maioría ao que se apela. Precisamente polo feito de que a democracia tamén implica impoñer límites as maiorías que impiden que actúen de xeito arbitrario fronte as minorías, existen órganos como este Consello de Goberno, entre outros mecanismos, internos e externos á Universidade, para salvagardar o ben común e os dereitos das minorías que puideran ser prexudicadas por parte de intereses, máis ou menos intencionalmente ocultos ou non,

máis ou menos conscientes ou non das maiorías. Lembremos que o principio da maioría fomenta a arbitrariedade e a ausencia de argumentos racionais para a toma das decisións, como xa quedou patente nesta sesión e na anterior do CG.

É lexítimo preguntarse se as xuntas de centro tiveron toda a información necesaria ao aprobar propostas do equipo directivo. Incluso recoñecendo que non houbo mala intención, a pregunta sobre esta cuestión é sinxela, poderían ter actuado doutro xeito sen prexudicar nin á maioría nin á minoría? O reitor asumiu que si no anterior CG. Agora ben, a decana e o decano das facultades implicadas néganse a recoñecer o razoamento das minorías, representadas aquí polos departamentos, ao non recoñecer a adscripción das materias ao seu lóxico ámbito de coñecemento. Recoñecelo implicaría a perda de dereitos desas maiorías? A resposta é “non”. Polo tanto a decisión tomada, que só prexudica á minoría, non salvagarda o ben común, a diferenza da que propoñen os departamentos.

Razoemos. En primeiro lugar habería que ter en consideración o que nos pide a lei e como define o RD 822/2021 a formación básica e, fundamentalmente, se é obrigatorio que todas as materias de formación básica estean vencelladas ao mesmo ámbito de coñecemento que o título ou non. A resposta é “non” como xa indicamos que se recollía no art. 14 dese RD. Tamén temos que ter en conta cal é o espírito do RD, leo literalmente:

estos ámbitos de conocimiento son los que aportan las asignaturas que conforman sustancialmente la formación básica que se desarrolla en los Grados, **garantizando así una formación transversal y reforzando el carácter generalista de este ciclo**. En segundo lugar, al no ser los ámbitos del conocimiento espacios tan extraordinariamente genéricos y amplios como lo eran las cinco ramas, **permiten que, garantizando la transversalidad, la oferta de asignaturas tenga mayor coherencia formativa, lo que finalmente beneficia nitidamente al estudiantado**.

Así pois habería que entender que este debería ser precisamente o espírito da Xunta de Centro cando se propón modificar non substancialmente o título: expresar en parte a transversalidade mediante materias doutros ámbitos de coñecemento; isto é algo que xa é así de seu pois lingua galega, castelán, filosofía, historia etc. non son do ámbito de coñecemento de Ciencias da educación senón que o propio RD establece o seu propio ámbito. Polo tanto, a decisión adoptada polas xuntas de centro non respecta o espírito do RD; si o respectaría a proposta dos departamentos.

Por outra banda, como xa sinalaron con anterioridade algúns/nhas directorxs de departamento, se o artigo 14 do RD indica literalmente que “Los planes de estudios de 240 créditos incluirán un mínimo de 60 créditos de formación básica. De ellos, al menos la mitad estarán vinculados al mismo ámbito de conocimiento en el que se inscribe el título, y **el resto estarán relacionados con otros ámbitos del conocimiento diferentes al que se ha adscrito el título**”, o resto é cero créditos; non hai resto.

Como xa se mostrou nun CG anterior tampouco as convalidacións son un problema para esta cuestión se non se decide convalidar automaticamente toda a formación básica, aspecto que permite o RD e dependerá da normativa da Universidade de Vigo e das facultades de educación; aínda así, asignar o ámbito de coñecemento que corresponde faría máis difícil realizar convalidacións difíciles de entender, como no caso do galego, materia obrigada pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Só me queda unha dúbida: se non hai algún interese oculto que descoñezo, non sirva isto como unha acusación velada, por que un decano ou una decana se negan a recoñecer o que é evidente, algo que non causaría ningún prexuízo a ningunha das partes, algo que se acomoda perfectamente á lei? Por que non levan este cambio ás súas xuntas de centro? Aínda que as persoas que compoñen este Consello non o expresen, voten o que voten, poden intuír que algo hai, como tamén se sabe por que se vota o que se vota e as condicións nas que se fai. Non creo que se lle esconda a ninguén o que xa está ocorrendo noutras universidades, algo que tamén parece estar expresado no borrador do Libro Branco da Educación Infantil, vergoñento como produto da universidade pública polo xeito de como

se fixo. Parece que hai certo interese en erradicar das titulacións de educación as materias desas “minorías”, agás a lingua catalana, en Cataluña, como o expresa para o catalán, e só para o catalán, literalmente este borrador do Libro Branco... Onde está o galego?

Ademais, o reitor, xunto cxs decanxs das facultades de educación, propón un acordo asinado para a protección da ligazón entre as materias e as áreas que as imparten. Visto isto así, por que non poden as materias ser vencelladas ao seu propio ámbito de coñecemento? Por que as minorías de Socioloxía, Lingua española, Lingua galega etc. non poden ver recoñecida a realidade do seu ámbito de coñecemento, tautolóxica como indicaba a directora Caruncho nun Consello de Goberno anterior, e teñen que asinar un acordo oficioso? Trátase un pacto de dubidoso valor legal e con data de caducidade moi próxima, practicamente non se podería aplicar, pois a este equipo quedalle un ano.

Baixo esta perspectiva, o pacto/acordo é indigno dunha Universidade, dunhas facultades de educación, e dun equipo reitoral, e, aínda máis, indigno do lema “A universidade das persoas”. Nun CG anterior sinalaba que as persoas tecnicamente máis preparadas para delimitar o seu propio ámbito de coñecemento están a ver apagada a súa voz e razón pola maioría dos votos. Non é este un exemplo de fracaso da universidade? De apoiar esta proposta, culmínase este fracaso e, ademais, vaise tratar ás minorías como reservas indíxenas ou protectorados que necesitan do paternalismo dun reitor e dun pacto, cunha duración limitada a un ano, coa escusa de apagar un suposto medo. Non é medo o que move a estes departamentos senón a defensa de que o viño non é leite. Non ve o reitor que ese pacto está asinado só polo poder e non polas minorías? É un acordo unilateral? Lembra como se fixeron as reservas indíxenas americanas?

Defender que sexan outros por ter votos, non argumentos, os que definan o ámbito de coñecemento destas materias e non os seus especialistas, non sería unha minorización; si, tamén da lingua galega. Lembremos que a minorización é un produto histórico de políticas conscientes, sistemáticas, dirixidas desde o poder, que inclúen a regulación explícita das definicións dos obxectos culturais e dos procesos educativos, entre outras cousas.

O reitor mudou de opinión, se se consuma, moitos teremos claro que fixo ben as contas; efectivamente, parece máis importante ter máis votos fronte ás minorías que velar polo ben común... e as eleccións están cerca.”

O reitor agradécelle pola parte na que recoñeceu o papel da decana e do equipo de Ourense, quedou mais satisfeito.

Isabel Mociño responde que parece estar diante do conto de Pedro e o Lobo. Os centros e as Facultades son as persoas. Falan de minorías, ela dá datos: na xunta de titulacións, de 25 persoas 8 membros pertencen a eses departamentos; ao mellor non son tan minoría. É fundamental ter memoria para saber onde queremos ir, todos e todas somos absolutamente necesarios. Tomaron esa decisión facendo números, os números sobran. De acordo co que di Miguel Cuevas, que temos materias de sobra, iso si, metendo un ámbito que debe ser de segunda, de Ciencias do Comportamento e Psicoloxía, como que é de Educación, porque non reclamou, entón non debe ter dereito. Como é posible que materias como Didáctica da Lingua Estranxeira: Inglés, a estea impartindo Filoloxía, e outras que son propias de Didáctica?, e para iso hai que coñecer as Facultades de Educación.

Alfonso Lago responde que hai un informe da COAP e concreta, en relación a Cristina Caruncho, que está a referirse ao informe da Asesoría Xurídica da CIG. Responde a Henrique Costas dicindo que actualmente a materia de Lingua Galega non está adscrita á rama de Filoloxía, senón á rama de Comunicación. Ademais, as prazas non saen por ámbito, senón por unidade docente. Tamén lle comenta a Miguel Cuevas que si pasou por Calidade.

O profesor Vicente Romo agradece a prudencia do reitor ao retirar, no seu momento, este punto da orde do día da sesión do Consello de Goberno, permitindo así un debate máis profundo.

Manifesta que, aínda que na súa facultade votou a favor de vincular todas as materias ao ámbito de “Ciencias da Educación”, reconece a validez e o bo fundamento das intervencións en contra, subliñando que as propostas son legais e lexítimas. Con todo, recalca que o debate actual non trata só do que é legalmente posible, senón do que é máis axeitado, máis coherente e, sobre todo, máis lexítimo desde unha perspectiva democrática. Por iso, reitera o seu voto a favor de vincular todas as materias de formación básica do grao ao ámbito de “Ciencias da Educación”, non só por seren legais, senón por responderen a un mandato democrático. O decreto contempla ambas opcións como válidas: vincular todas as materias ao ámbito de Educación ou só algunhas. No conxunto do Estado español existen exemplos das dúas vías, mencionando que comunidades como Cataluña, País Vasco e Illas Baleares optaron pola vinculación total, incluíndo as materias de lingua propia. Subliña que a clave desta decisión radica no respecto á vontade democrática da comunidade universitaria. As tres facultades de Ciencias da Educación dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra pronunciáronse de forma clara, libre e democrática a favor da vinculación total. Polo tanto, considera que o Consello de Goberno non debe contradicir esa decisión, senón garantir a súa lexitimidade legal e democrática. Conclúe que, por coherencia e lexitimidade, o seu voto será favorable á proposta de vincular todas as materias ao ámbito de Ciencias da Educación, insistindo na necesidade de respectar a vontade colectiva das facultades implicadas.

Volve intervir Henrique Costas, quen non encontra adecuado que estean en Educación cando teñen un ámbito específico. Tamén lle di ao vicerreitor que non hai ramas, que se aclare un pouco. Dille a Isabel Mociño que todos recoñecen o traballo galeguizador do seu centro, pero non ten que ver co que se está a falar. A Vicente Romo dille que co que falou calquera pode dar calquera cousa, pero non pode calquera dar clases de galego.

Alfonso Lago dille a Henrique que non lle chame mentiroso, que a materia de comunicación en L. Galega está adscrita ao ámbito de comunicación.

Miguel Cuevas puntualiza a intervención do profesor Romo (transcrición do texto remitido a Secretaría Xeral): “Sobre a intervención do profesor Romo Pérez debo salientar que, efectivamente, temos dúas concepcións diferentes da democracia. A súa é máis propia dunha concepción posdemocrática, moi actual nalgúns estados máis alá do Atlántico.

Con respecto a intervención da profesora Mociño González, solicito que se centre no tema. Non estamos no CG para que se nos “venda unha lavadora” senón para abordar as alegacións duns departamentos que preguntan por que as materias das súas áreas se ven adscritas a un ámbito de coñecemento que non lles corresponde. Aínda non houbo ningún razoamento que leve á necesidade de facer esta adscrición irracional. Por outra banda, solicitaría que non fixera demagogia barata indicando que considero o ámbito de psicoloxía un ámbito de segunda; todos os ámbitos son iguais; agora ben, este CG débese pronunciar sobre as alegacións presentadas por uns departamentos. Non hai ningunha reclamación procedente do ámbito de psicoloxía, polo que entendo que as materias correspondentes se encontran, na súa opinión, ben recollidas no ámbito de ciencias da educación.

Tamén quero referirme a que a prof. Mociño González fala de diálogo. Creo que non houbo diálogo pola súa parte. Non se preguntou aos departamentos pola adscrición irregular das súas materias a un ámbito de coñecemento que non lles corresponde, non se negociou nada, o decano e a decana

negáronse a transmitir ás xuntas os argumentos dos departamentos tras o CG anterior. É este o diálogo que pretende?

Con respecto á intervención do profesor López Ardao, non creo que o que deba debater o CG é se nos parece importante ou non o que obriga a facer un Real Decreto, ou se nos gusta ou non, ou se ten moita ou pouca repercusión. O CG debe centrarse en se o RD se aplica de acordo co seu espírito ou, incluso, se é lexítimo, admisible, razoable a proposta que fan as xuntas de centro ou se o é o que solicitan os departamentos.”

López Ardao intervén para poñer un exemplo, non lle deron tanta importancia ao ámbito, ten relación nula coa adscrición a áreas. O que sería un atropelo e que quitasen a docencia da materia ao departamento correspondente, por exemplo, galego ao departamento de lingua galega. Se hai tres escolas que aproban este tema, o CG non se debería de meter.

Hai debate.

Volve a intervir Miguel Cuevas (transcrición do texto remitido a Secretaría Xeral):” Antes da votación, quereda volver a repetir a pregunta que queda sen responder: por que? Cal é o razoamento que sustenta a decisión das xuntas de centro? É máis racional que o que sustenta a solicitude dos departamentos?”. Tamén intervén Rosa Pérez.

O reitor di que o pasado é o mellor para prever o futuro; vaise referir ao galego, pero como o comunicado da CIG culpa ao reitor de non apoiar ao Galego, ten que explicarse. O reitor presentou a dimisión cando levaba dous anos coma reitor para defender o Grao de filoloxía aplicada, e afortunadamente a resposta do Conselleiro foi magnífica, e arranxamos, pon por enriba dun cargo a defensa do interese da nosa xente, relacionado co Galego. El quere conseguir unha universidade mais galega, con agarimo, e non con obrigas. Unha facultade como a de Educación de Ourense que o está facendo marabillosamente co galego, dóelle que se lle acuse de non defender o galego. Somos o equipo de goberno que mais cartos dedicou para o apoio a docencia en galego. A el gustaríalle que fora voluntario, sen cartos. Rexeitamos un plan de estudos que non tiña galego e castelán, o paramos porque no libro branco había unhas determinadas cuestións que non se cumprían no novo plan. Puxemos en marcha o distintivo de galego, podemos presumir do efecto multiplicador, que fai que os estudantes utilicen o galego en todos os aspectos da súa vida. O castelán e o galego están ao mesmo nivel, o que fai que un profesor que non saiba castelán teña dous anos para coñecelo. O reitor indica que o escrito dos decanos garante a docencia por parte das áreas relacionadas, independentemente do ámbito.

A continuación realizase a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 28


Votos en contra: 6

Abstencións: 4

Apróbase por maioría.

7. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta a convocatoria do seguinte xeito:



Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da creación da spin off Mus Modular.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica este tema coa seguinte presentación:

Creación da *spin-off* MUS (Modular Management University System)

Preténdese explotar o software informático de xestión económica MUS que foi froito dun desenvolvemento da UVigo e que foi o resultado dunha dirección de tese doutoramento (Rodrigo Cerviño). O software de xestión económica pode ser de interese para outras universidades públicas e privadas.

O software foi desenvolto internamente na Universidade de Vigo e financiado en diferentes anualidades a través do convenio de I+D+i coa Xunta de Galicia.

Plan de negocios, acordo de socios.

Rodrigo Cerviño actuaría inicialmente como administrador único da empresa, que tería a súa sede nas dependencias de SDweb Soluciones Digitales.

2.- DESCRICIÓN DO EQUIPO EMPRENDEDOR

Nome e Apelidos	Relación coa Universidade de Vigo	Implicación no desenvolvemento	Experiencia Empresarial	% previsto de participación ¹
Jose María Martín Moreno	Profesor titular	Análise económico	SI	5
Rodrigo Cerviño Rodríguez	Profesor asociado	Deseño dos módulos de xestión económica e pes.	SI	20
Manuel Castro Oliva	Xefe de servizo	Deseño dos módulos de proxectos de investigación	NON	15
Juan Aguiar Fernández	Director de servizo	Deseño da infraestrutura TIC	NON	15
Jose Antonio Mosquera Castro	Xubilado personal grupo 2	Deseño procedementos orzamentarios	NON	17

Outras entidades participantes

Razón Social	Tipo de Entidade	% previsto de participación
Sdweb Soluciones Digitales, S.L.	SI	25

NO SI

A distribución inicial de capital social que propoñen sería:

CAPITAL SOCIAL 3.000,00 €

	ACCIONISTA	%	€
1	JOSE ANTONIO MOSQUERA CASTRO	17%	510,00 €
2	RODRIGO CERVIÑO RODRIGUEZ	20%	600,00 €
3	SD WEB S.L.	25%	750,00 €
4	MANUEL CASTRO OLIVEIRA	15%	450,00 €
5	JUAN AGUIAR FERNANDEZ	15%	450,00 €
6	UNIVERSIDAD DE VIGO	3%	90,00 €
7	JOSE MARIA MARTIN MORENO	5%	150,00 €
		100%	3.000,00 €

Plan de negocio

CONCEPTO DE INGRESOS	2025	2026	2027
VENTA DE LICENCIAS MODULOS	100.000,00 €	200.000,00 €	350.000,00 €
CONSULTORIA ANALISIS NECESIDADES	30.000,00 €	45.000,00 €	85.000,00 €
CONSULTORIA IMPLANTACION MODULOS	45.000,00 €	90.000,00 €	120.000,00 €
CONSULTORIA EVOLUCION MODULOS	- €	30.000,00 €	75.000,00 €
OTROS INGRESOS	- €	6.000,00 €	6.000,00 €
TOTAL INGRESOS	175.000,00 €	371.000,00 €	636.000,00 €

Limitacións

Recoñecemento da titularidade do software MUS

A Universidade de Vigo é a titular do software MUS.

O software está rexistrado a nome da Universidade de Vigo, na oficina americana de propiedade intelectual SEAL OF THE UNITED STATES COPYRIGHT OFFICE co número de rexistro TX 8-856-751 e con data 13/02/2020.

O sistema MUS está implantado na UVigo e é utilizado polo PDI e o PTXAS da universidade.

O plan de negocio e o acordo de socios presentado inclúe a intención de rexistrar novos módulos a nome da futura *spin-off*, así como a atribución de dereitos comerciais sobre a marca e outros elementos sen un acordo previo de cesión ou licenza, o cal contradí a titularidade institucional.

Limitacións

Orixe do software e carácter non investigador do desenvolvemento

O desenvolvemento do software MUS foi un encargo interno da Universidade (iniciado no ano 2016) para mellorar os procesos administrativos, non derivado dunha liña de investigación académica nin dun proxecto con financiamento externo. A tese doutoral baseouse nunha ferramenta preexistente. A xeración de publicacións científicas asociadas non outorga dereitos de explotación nin ao doutorando nin ao director da tese sobre o software en cuestión.

Limitacións

A tese de doutoramento

A tese *Implantación de la administración electrónica en la gestión económica en las organizaciones públicas*, dirixida polo profesor da Universidade de Vigo José María Martín Moreno

(<https://portalcientifico.uvigo.gal/documentos/617cdb28a090953abfa33f93>), foi defendida o 21 de xullo de 2021.

A propiedade intelectual da tese de doutoramento correspóndelles ao doutorando e aos seus directores, salvo que se indique o contrario no compromiso documental asinado ao inicio dos estudos de doutoramento. A xeración de publicacións científicas asociadas non lles outorga dereitos de explotación nin ao doutorando nin ao director da tese sobre o software en cuestión.

Limitacións

Participación proposta de SDweb e do resto de socios

A participación de persoal da universidade ou do doutorando no desenvolvemento non lexítima automaticamente a súa participación societaria nunha empresa con fins comerciais. Calquera proposta nese sentido require un proceso formal de recoñecemento de autoría ou de contribucións, avalado pola institución e conforme a normativa vixente en materia de propiedade intelectual (Lei de propiedade intelectual, Real decreto Lexislativo 1/1996 e Normativa de propiedade industrial e intelectual da Universidade de Vigo, aprobada polo Consello de Goberno do 19/06/2012).

Limitacións

Financiamento con fondos públicos

O feito de que o proxecto se financiara a través de convenios de I+D+i da Xunta de Galicia non modifica a titularidade do *software* nin o marco legal que rexe o seu uso. A Universidade de Vigo, como entidade beneficiaria, conserva a plena titularidade sobre os resultados. Non resulta axeitado equiparar esta situación á doutras *spin-offs* derivadas de grupos de investigación formalmente constituídos.

A proposta tivo un **acordo unánime en contra** por parte da Comisión de Investigación o día 10 de abril de 2025.

A comisión considera que a autorización da creación non procede por non achegarse un acordo de explotación do posuidor dos actuais dereitos sobre MUS.

Os promotores desta iniciativa deberían negociar coa UVigo un posible acordo de explotación.

Non se aproba por asentimento.

9. Ratificación, se procede, dun novo membro da Comisión de Publicacións do sector estudiantado de doutoramento.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa do cambio:

Comisión do Servizo de Publicacións

Cambio na composición da comisión:

Por baixa voluntaria de CLAUDIA DE LA IGLESIA SANJUAN,
do
sector de estudiantado de doutoramento, inclusión de IAGO
RODRÍGUEZ DIÉGUEZ como vogal da Comisión de
Publicacións polo devandito sector.

Universidade de Vigo



Ratifícase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico 2024-2027 do Campus de especialización CREA.


O reitor comenta que despois de reunións coa Secretaría Xeral de Universidades tiveron que cambiar algunhas cousas. A continuación cede a palabra á vicerreitora do Campus de Pontevedra, Eva María Lantarón, quen considera que debe facer a presentación Ana Belén Fernández Souto, directora de área do Campus de Especialización Crea, quen presenta os seguintes obxectivos e demais cuestións:

Obxectivos estratéxicos


OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBX 1	Desenvolver unha estrutura organizativa que apoie de maneira eficiente e eficaz os labores de ensino, investigación, transferencia de tecnoloxía e coñecemento e internacionalización do Campus CREA
OBX 2	Desenvolver unha formación universitaria e avanzada de elevada calidade e con capacidade de resposta ás necesidades da sociedade
OBX 3	Crear un proxecto aglutinador de investigación organizado en clústeres estratéxicos, con capacidade de proxección exterior
OBX 4	Establecer unha conexión cos sectores económicos, sociais e culturais incrementando a contratación empresa/institucións-Campus, fomentando unha cultura emprendedora e promovendo a creación de start-ups
OBX 5	Xerar un maior intercambio de alumnado e persoal docente e investigador, un maior número de proxectos/programas en colaboración e unha maior visibilidade no ámbito internacional
OBX 6	Incrementar os ingresos captados polo Campus CREA e diversificar as súas fontes de financiación

Modelo de gobernanza



Plan de acción



LIÑA 1: POSICIONAMENTO DO CAMPUS CREA COMO CAMPUS DE REFERENCIA

ACCIÓN 1.1: Consolidar o modelo de gobernanza.
ACCIÓN 1.2: Fortalecer o da comunicación e difusión do Campus CREA.
ACCIÓN 1.3: Promover a mobilidade de estudantes.

LIÑA 2: FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

ACCIÓN 2.1: Promover o Programa de Doutoramento do Campus CREA.
ACCIÓN 2.2: Desenvolver un programa de formación continua para PDI.

LIÑA 3: XERACIÓN DE INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

ACCIÓN 3.1: Dinamizar e visibilizar os clústeres de I+D do Campus CREA.

LIÑA 4: PROMOCIÓN DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E CONECEMENTO

ACCIÓN 4.1: Desenvolver un programa de transferencia de tecnoloxía e coñecemento.
ACCIÓN 4.2: Fomentar actividades de divulgación científica.
ACCIÓN 4.3: Dinamizar actividades creativas, culturais.

LIÑA DE ACTUACIÓN 1

POSICIONAMENTO DO CAMPUS CREA COMO CAMPUS DE REFERENCIA

Esta Liña de Actuación contén 3 Accións e 11 iniciativas:

Acción 1.1

Consolidar o modelo de gobernanza.

Acción 1.2

Fortalecemento da comunicación e difusión do Campus CREA.

Acción 1.3

Potenciar a mobilidade do estudiantado.

LIÑA DE ACTUACIÓN 2

FORMACIÓN CREATIVA E DE VANGARDA

Esta Liña de Actuación contén 2 Accións e 8 iniciativas:

Acción 2.1

Promover o Programa de Doutoramento do Campus CREA.

Acción 2.2

Desenvolver un programa de formación continua para PDI.

Universidade de Vigo



LIÑA DE ACTUACIÓN 3

XERACIÓN DE INVESTIGACIÓN MULTIDISCIPLINAR

Esta Liña de Actuación contén 1 Acción e 5 iniciativas:

Acción 3.1

Dinamizar e visibilizar a I+D+i do Campus CREA.

LIÑA DE ACTUACIÓN 4

PROMOCIÓN DA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E COÑECEMENTO

Esta Liña de Actuación contén 3 Accións e 13 iniciativas:

Acción 4.1

Desenvolver un programa de transferencia de tecnoloxía e coñecemento.

Acción 4.2

Fomentar actividades de divulgación científica.

Acción 4.3

Dinamizar actividades creativas, culturais.

Universidade de Vigo



Intervén López Mira para explicar o seu sentido de voto, que foi abstención xa no Consello de Campus, porque parecía que había centros de primeira e centros de segunda. Pide que conste a súa abstención hoxe tamén, o reitor dille que constará na acta.

Apróbase por asentimento.

11. Quenda de intervencións.

Intervén Jacobo Porteiro para dicir que o Reitor expuxo as cifras da liquidación de forma moi breve. O Reitor di que as pasará á Secretaría Xeral para que as poña a disposición dos membros do CG. A continuación Jacobo Porteiro le o texto que figura nunha acta da Comisión Económica do Consello Social do día 24 de xuño de 2024 onde se di:

“Sobre as medidas de contención do gasto dada a insuficiencia de remanente dispoñible para financiar o orzamento de gasto de 2024, Yolanda Lesmes debulla diferentes iniciativas “para ir reequilibrando a situación ao longo do ano”, e especialmente o aprazamento de incorporación de novo persoal ata ver a evolución, contendo convocatorias. “Cando saquemos a OPE teremos que valoralo moito”, engade.”

Jacobo Porteiro pregunta a que se refire a Xerente canda fala de “... aprazamento de incorporación de novo persoal ata ver a evolución, contendo convocatorias” xa que, ante reiteradas preguntas polo atraso na execución da OPE 2023, nunca se fixo alusión a motivos económicos.

O reitor di que hai dúas cousas diferentes, unha cousa é ter suficiencia orzamentaria e outra cousa é ter un problema de masa salarial. O escenario, tal e como está debullado, é un escenario francamente optimista. Este ano, feitas as contas, e contando con orzamento dabondo e con masa salarial, saíron todas as prazas, aínda que quedan por saír algunhas agora. Jacobo comenta que non está a falar deste ano. A vicerreitora de Profesorado comenta que pode falar co Servizo de PDI se o considera; teñen unha calendarización, e aínda preguntou onde polas prazas de PPL para enviar ao DOG, e estaban no Servizo de PDI matizando un par de cousas. Non hai ningunha intención de retrasar as prazas. A vicerreitora non estaba presente no acto que comenta Jacobo Porteiro, asegurando que non hai ningunha intención de reter as prazas por razóns económicas, senón que o Servizo de PDI ten moito traballo. A vicerreitora de Investigación engade que se houbo algún retraso foi debido á normativa que tivo que elaborarse, e que el tense que lembrar disto.

Miguel Cuevas pregunta cando se vai a pagar a acción social do 2022. Pregunta tamén polo Campus Camp, para que o PDI poida ter un horario igual para o curso 2024/2025. A vicerreitora de Extensión Universitaria, Susana Reboreda, dixo que non podían ter o horario para este ano e que non teñen diñeiro para dúas horas mais. O PDI non vai ter a necesaria conciliación, aínda que o reitor di que temos unha boa situación económica. A vicerreitora comenta que o importe total subiu moito fai poucos anos. A proposta de orzamento non dá nin de broma, e por iso tiveron que tomar cartos de Extensión Universitaria para poder asumir o custo no que poidan. O reitor daralle unha pensada a este tema coa vicerreitora.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:27 h. do día 24 de abril de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.